

mas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e sete de setembro de dous mil sete,

DISPOÑO:

Que cese, por petición propia, Santiago Gómez-Reino Lecoq, como secretario xeral de Relacións Exteriores, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, vinte e sete de setembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 17 de setembro de 2007, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta secretaría xeral no último cuadrimestre.

O artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración previstos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único.-Darlle publicidade á relación dos convenios previstos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, subscritos pola Secretaría Xeral de Emigración nos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2007, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2007.

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración

ANEXO

Convenios de colaboración previstos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, subscritos pola Secretaría Xeral de Emigración nos meses de maio, xuño, xullo e agosto

Convenio	Importe (€)	Data sinatura
Protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, polo que se prorroga para o ano 2007 o convenio de colaboración subscrito o 25 de outubro de 2005, entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes así como de reforzo educativo.	1.207.985,44 €	8-6-2007
Convenio entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de programas de sensibilización e apoio á integración dos inmigrantes en Galicia, a través da formación e o voluntariado social no ámbito universitario.	21.000 €	11-5-2007
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Consello da Cultura Galega para o deseño, creación e realización dunha exposición sobre o asociacionismo emigrante galego.	22.500 €	24-5-2007
Convenio entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Universidade de Santiago de Compostela, co fin de informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos no Arquivo Histórico Universitario.	6.000 €	30-5-2007
Convenio entre a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, co fin de desenvolver e potenciar a difusión e aproveitamento do portal de internet CEPAM migracións.	38.000 €	28-5-2007
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do seminario nacional sobre Atención educativa ao alumnado inmigrante. Experiencia e innovación.	9.000 €	18-6-2007
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Concello do Carballiño para levar a cabo unha Xornada sobre os movementos migratorios e o retorno.	20.000 €	4-7-2007
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Universidade de Vigo para a realización dun curso de verán sobre As migracións nas sociedades contemporáneas: os desafíos na Galicia actual.	16.000 €	4-7-2007
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Universidade de Vigo para a realización do Primeiro encontro internacional sobre migracións e globalización.	10.000 €	6-8-2007
Convenio entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Universidade da Coruña para a colaboración no desenvolvemento da XXXI edición do Congreso internacional da <i>Asociación Española de Estudos Anglonorteamericanos</i> .	6.000 €	1-8-2007
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de información e difusión académica destinado ás colectividades de galegos residentes no exterior.	45.000 €	31-7-2007

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 18 de setembro de 2007 pola que se establecen as bases e se convocan axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Ecuación e Ordenación Universitaria para o curso académico 2007-2008.

Publicada no DOG do día 25 de setembro de 2007, número 186, a orde máis arriba indicada, e advertida a omisión dos correspondentes anexos, procede a publicación destes.



PROCEDEMENTO <i>AXUDAS PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DOS SERVIZOS DE COMEDOR ESCOLAR XESTIONADOS POLAS ASOCIACIÓNS DE NAI E PAIS DE ALUMNOS/AS DE CENTROS PÚBLICOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA O CURSO 2007-2008</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED601A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE	Nº REGIS. DE ASOCIACIÓNS	CIF	
ENDEREZO			
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
CENTRO DO QUE DEPENDE			

DATOS DO REPRESENTANTE

APELLIDOS	NOME	NIF	
ENDEREZO			
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO *
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO			

* Deberá incluírse un teléfono de contacto do representante da Anpa (preferentemente móbil) para os efectos de solucionar posibles incidencias na tramitación do expediente

SOLICITA:

Acollerse á convocatoria de axudas para ANPAS e as súas federacións para o mantemento de comedores escolares en centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2007-2008.

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA ()**

- Orzamento da actividade e/ou custo do servizo de comedor, no que se especifiquen o centro público onde se presta o servizo, os prezos por menú e día, número de días de prestación do servizo e número de alumnos/as usuarios/as deste.
- Memoria explicativa na que se detalle o carácter continuado e non ocasional do servizo, así como a calidade, orixinalidade e carácter innovador do programa de promoción da saúde e habilidades persoais.
- Certificación do acordo do órgano competente polo que se decide solicitar a axuda.
- Relación de asociacións de nais e pais de alumnos que integran a federación ou das federacións que integran a confederación, se é o caso.
- Declaración xurada de ter solicitado, ou non, outras axudas para a mesma finalidade doutras administracións ou entes públicos, con indicación do número de alumnos/as que serían beneficiarios/as desas axudas.
- Certificación bancaria a nome da entidade solicitante, na que conste o número de conta na que se ingresaría o importe da axuda.
- Copia do CIF.

** Sinala cun "X" o que proceda

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, AUTORIZOLLE EXPRESAMENTE a consellería á publicación no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos correspondentes, dos datos de carácter persoal que exixen as referidas normas, referidos tanto a información sobre as axudas concedidas como as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 18 de setembro de 2007 pola que se establecen as bases e se convocan axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso académico 2007-2008.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de _____		

ANEXO II

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona _____, representante da entidade de _____, solicitante da axuda da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para financiar o mantemento do servizo de comedor escolar; e en relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes,

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Axudas concedidas:

Non se me concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade.

Si se me concedeu axuda para esta mesma finalidade.

Entidade concedente	Importe para o curso 2007-2008
_____	_____
_____	_____

Axudas solicitadas:

Non solicitei ningunha outra axuda para esta mesma finalidade.

Si solicitei axuda para esta mesma finalidade.

Entidade	Data da solicitude
_____	_____
_____	_____

Lugar e data:

_____, de _____ de _____

Sinatura e selo

Orde do 20 de setembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 9 de maio (Diario Oficial de Galicia do 15 de maio) e se fai pública a concesión de bolsas de colaboración en departamentos das universidades do sistema universitario de Galicia destinadas ao alumnado de excelencia académica, para o curso académico 2007-2008.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou pola Orde do 9 de maio de 2007 (DOG do 15 de maio) bolsas de colaboración en departamentos das universidades do sistema universitario de Galicia destinadas ao alumnado de excelencia académica, para o curso académico 2007-2008.

De acordo co establecido no artigo 7 das bases da convocatoria, desde o día 6 de xullo ao 17 de xullo de 2007 (ambos os dous incluídos), expuxéronse as listas provisionais das solicitudes admitidas e excluídas, podendo durante ese mesmo prazo os interesados formular as reclamacións para emendar erros e faltas de documentos ante a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Rematado este prazo, as solicitudes admitidas foron estudadas pola comisión avaliadora nomeada na propia orde de convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido nas bases da convocatoria e atendendo á proposta elevada pola citada comisión avaliadora a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, esta consellería

RESOLVE:**Artigo 1º**

Facer pública a relación de candidatos que obtiveron bolsa e que se relacionan no anexo I desta orde e na contía que se especifica.

Artigo 2º

No suposto de producirse algunha renuncia, e tendo en conta o remanente de crédito previsto na orde de convocatoria, adxudicarase a bolsa ás persoas que figuran na listaxe de seleccionados como suplentes, anexo II, e pola orde que na mesma figuran.